

BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO E MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA, MODALIDADE: OBRA E SERVIZO, UN (1) POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO SUPERIOR DE PROXECTOS (Ref: IMATH07-TSP 2)

O posto de traballo é requirido para a realización do Proxecto "Consolider i-MATH" que comezou no ano 2006 e rematará, aproximadamente en setembro de 2010.

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, é unha Fundación de carácter público, dependente da Consellería de Innovación e Industria. En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, acorda a convocatoria de selección de persoal.

I. Obxecto da convocatoria:

A Fundación precisa cubrir con carácter temporal 1 posto:

TÉCNICO SUPERIOR DE PROXECTOS:

TITULACIÓN:

- *1 LICENCIADO EN MATEMÁTICAS, ESPECIALIDADE DE ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA OU TITULADO SUPERIOR EN ESTADÍSTICA.*

como persoal de soporte técnico ao proxecto i-MATH para dinamizar a transferencia de tecnoloxía matemática ao sector productivo nos términos contemplados no proxecto Consolider Ingenio Mathematica e na Rede Mathematica Consulting & Computing de Galicia.

As funcións para este posto serán:

- Participará no deseño das tarefas a realizar no proxecto, implicándose de forma máis directa nas relacionadas coa área de Estatística e Investigación Operativa.
- Coordinará e/o executará las tarefas do proxecto que lle sexan encomendadas desde o Nodo CESGA.
- Participará na elaboración e seguimento do plano de traballo do proxecto.
- Redactará os informes técnicos e de xestión do proxecto.
- Ocuparase do análise e proposta de melloras do proxecto.
- Organizará e/o executará actividades de difusión do proxecto e promoción do Nodo CESGA no entorno empresarial e académico.
- Coordinará actividades con outros socios externos ao Nodo CESGA vinculados ao proxecto.
- Participará en solicitudes adicionais de financiación.
- Xestionará os recursos internos e externos do proxecto.
- Outras tarefas relacionadas co proxecto.

II. Réxime xurídico da contratación:

O contrato revestirá a modalidade de contrato de obra e servizo, conforme ó establecido no artigo 15.1 A) do Estatuto dos Traballadores e ó artigo 7 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

III. Duración.

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal limitada á duración dos traballos para os que se contrata ao traballador no proxecto indicado ao inicio das Bases, estimándose un periodo aproximado de 48 meses.

IV. Requisitos:

- Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- Posuír e acreditar o TÍTULO que se indica:

LICENCIADO EN MATEMÁTICAS, ESPECIALIDADE DE ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA OU TITULADO SUPERIOR EN ESTADÍSTICA.

ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes (homologada polo Ministerio de Educación, no caso de títulos expedidos por un país que non sexa membro da Unión Europea).

- COÑECEMENTOS esixidos:
 - Coñecementos demostrables na área de Estadística e Investigación Operativa
 - Inglés: lido a nivel técnico.
 - Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia cotexada do título de perfeccionamento en lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Os aspirantes que non estean en posesión da dita titulación poderán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.
 - Programación e informática (lingüaxes programación e informática de usuario).
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
- Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou de aqueles que teñan subscritos tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea

ratificados en España, acreditaran de modo fidedigno non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu país o acceso á función pública.

- Dispoñibilidade para viaxar.
- Carnet de conducir.

V. Documentación a presentar obrigatoriamente:

Documentación a presentar:

- Solicitud dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA (ver Anexo I).
- Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concurrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- Fotocopia simple do título exixido na base I ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, se é o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte.
- Fotocopia simple do expediente académico ata o grado exixido na convocatoria.
- Fotocopia simple das xustificacións dos méritos alegados no CV. A certificación de participación en proxectos se fará ben presentando copia do contrato no que figure o proxecto ou por certificación de que figura como solicitante do proxecto expedida polo Ministerio, Universidade ou Administración Autónoma correspondente.
- Fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba no momento do proceso de selección.

O aspirante seleccionado deberá presentar nas dependencias do Fundación CESGA, no prazo de 10 días, os seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.
- b) Fotocopia compulsada do título exixido na base I ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, se é o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Orixinail das xustificacións dos méritos alegados para o seu cotexo..
- d) Copia cotexada do título de perfeccionamento en lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística no caso de que así se presentara no momento da solicitude.

VI. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

- As solicitudes serán dirixidas ao Xerente da Fundación e deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria.
- Presentaranse na Secretaría da Fundación, remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur),15705

Santiago de Compostela ou por correo electrónico no enderezo emprego@cesga.es. Neste último caso, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite.

- O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.
- O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nel.
- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas previas de admitidos e excluídos ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, no seu caso, establecéndose un prazo de 5 días naturais para, a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable.
- Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios, no Edificio da Fundación e na páxina web da Fundación www.cesga.es

VII. Proceso de selección:

1. A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto (Anexo II).

2. O proceso de selección consistirá:

Nun concurso de méritos acreditados por cada candidato, ata unha puntuación máxima de 30 puntos e conforme ao BAREMO do Anexo III. Os candidatos que alcancen a puntuación mínima nos criterios de valoración e non teñan acreditado o coñecemento do galego serán convocados a unha proba consistente na tradución de galego a castelán dun texto técnico da área cuxa valoración será apto ou non apto.

A Comisión, á vista dos resultados obtidos na valoración de méritos, realizará unha entrevista. A entrevista, que non superará os quince minutos, terá unha valoración máxima de 3 puntos e versará sobre:

- Perfil do candidato
- Comentarios acerca do currículo vitae
- Idoneidade do candidato para o posto
- Disponibilidade de incorporación
- Contraste de coñecementos
- Expresión oral

No caso de infrarrepresentación do sexo feminino e de empate entre os méritos de dous ou máis candidatos estarase ao disposto no artigo 37 da lei 7/2004 de Galicia, e prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 5 de febreiro de 2007 (DOG número 28 do 8 de febreiro)

3. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación www.cesga.es, un acordo co listado da puntuación de tódolos aspirantes. No mesmo comunicado sinaláranse aqueles candidatos seleccionados para acudir á Entrevista Persoal, indicando a data, hora e lugar da mesma. Realizarán a entrevista, os 5 primeiros candidatos que acadaran

a mellor puntuación na Valoración de Méritos (Anexo III) e que cumpran con tódolos requisitos para este posto.

4. Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

VIII. Unha vez **finalizado todo o proceso anterior**, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación (www.cesga.es), o nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, para este posto, e co fin de determinar posibles substitucións, a comisión elaborará unha lista de agarda entre os solicitantes que, aínda acadando a puntuación mínima establecida pola comisión, non resultasen beneficiarios do posto. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberán aportar para formalizar o contrato. O contrato temporal por obra e servizo determinado, suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 22 de xaneiro de 2004 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Enrique Roger Amat e co número de protocolo 214.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2007

Javier García Tobío
Director-Xerente
Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE		
Apelidos:	Nome:	
DNI:		
Enderezo particular (rúa, etc.):		Nº
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:		
2.- DATOS ANUNCIO		
Referencia anuncio:		
Data publicación anuncio:		
3.- DOCUMENTACIÓN		
Currículum Vitae:	Copia DNI:	
Copia Titulación:	Copia Expediente académico:	
Copia Certificado Perfeccionamento da Língua Galega:		
Copia dos xustificantes dos méritos alegados:		
Outra documentación:		

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

"De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas."

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto V desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2007

Asdo.:

**DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**

ANEXO II

COMISIÓN DE SELECCIÓN:

1 .- A comisión de selección estará formada, para cada praza, por:

a)Presidencia: Wenceslao González Manteiga (USC)

b)Vocais:

- Administrador de Aplicacións e Proxectos da Fundación CESGA
- Representante do proxecto i-MATH.
- Ricardo Cao (UDC).

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas.

En todo caso, a Fundación procurará a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 36 da lei 7/2004.

2 .- Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atopárense incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3 .- Para actuar validamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia de tódolos seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4 .- Para efectos de comunicación e demais incidencias, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

ANEXO III

Baremo Valoración de Méritos:

1. EXPEDIENTE ACADÉMICO ATA A TITULACIÓN EXIXIDA: máximo 4 puntos. As cualificacións, valoraranse utilizando a media ponderada segundo a lexislación vixente tomando como referencia o seguinte baremo:

CUALIFICACIÓN	PUNTOS
MATRÍCULA DE HONRA	4
SOBRESAINTE	3
NOTABLE	2
APROBADO	1
SUSPENSO/NON PRESENTADO	0

2. COÑECEMENTOS DE INGLÉS: máximo 3 puntos. Acreditados e/ou certificados segundo a seguinte táboa ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de Eurocentres:

INGLÉS	PUNTUACIÓN
Cursos regulados (sen título recoñecido)	0 - 1,25 puntos
P.E.T. (Preliminary English Test)	1,5 puntos
F.C.E. (First Certificate in English)	2,0 puntos
C.A.E. (Certificate Advanced English)	2,5 puntos
C.P.E. (Certificate of Proficiency in English)	3,0 puntos
1 ano ou máis de residencia en país anglosaxón ou traballando nun centro de I+D internacional	2,5 puntos

3. DOUTORADO EN ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA: máximo 6 puntos, segundo a distribución que se indica. Deberá acreditarse con copia do título, certificación académica ou solicitude do mesmo:

COÑECEMENTOS A VALORAR	Puntuación
Doutorado Europeo APTO CUM LAUDE	6
Doutorado APTO CUN LAUDE	5
Doutorado Europeo APTO	3
Doutorado APTO	2

4. COÑECEMENTOS EN ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA: Máximo 3 puntos segundo a distribución que a seguir se indica. Para poder ser considerados aptos, os solicitantes deberán acadar neste apartado unha puntuación mínima de 1 punto:

COÑECEMENTOS A VALORAR	Puntuación
Cursos de formación en doutoramentos en Estatística (0,5 puntos por cada 100 horas)	Ata 1
DEA de Estatística	2

5. EXPERIENCIA EN ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA: máximo 14 puntos, segundo a distribución que a seguir se indica. Só se valorarán os méritos xustificadas documentalmente. Para poder ser considerado aptos, os solicitantes deberán acadar neste apartado unha puntuación mínima de 2 puntos:

EXPERIENCIA A VALORAR	Puntuación
Participación en proxectos de I+D europeos (0,3 puntos por cada ano do proxecto)	Ata 2
Participación en proxectos de I+D nacionais (0,2 puntos por cada ano de proxecto)	Ata 2
Participación en proxectos de I+D autonómicos (0,1 puntos por cada ano de proxecto)	Ata 1
Publicacións na área de Estatística e Investigación Operativa (Por cada publicación internacional do catálogo Science Citation Index: 1. Por cada publicación Internacional en revistas que non figuren no catálogo anterior: 0,25)	Ata 4
Contratos e convenios de I+D con empresas (1,5 puntos por ano de contrato ou a parte proporcional se é de menor duración.)	Ata 5
Contratos en empresas como técnico en áreas relacionadas coa estatística (0,1 puntos por mes traballado)	Ata 3